


Pensa, corre e RESPECTA o medioambiente

Durante os **35 anos** que levamos practicado a orientación no Monte Forsoseo temos demostrado que é unha actividade deportiva e recreativa de baixa incidencia ambiental que non leva consigo, nin de forma directa nin indirecta, unha afección apreciable sobre o estado de conservación dos tipos de hábitats naturais ou das poboacións de especies de interese para a conservación.

Os trazados evitan e respectan as zonas máis sensibles ambientalmente a recibir impactos polo tránsito dos corredores (zonas húmidas de alto valor ecolóxico, con risco de erosión, elementos sensibles, etc.). Nestas zonas non se ubican puntos de control.

Dada a imposibilidade de controlar o percorrido por onde irá cada participante, **ESTARÁN SINHALIZADAS NO MAPA** de xeito preciso unha serie de **ZONAS PROHIBIDAS POR CRITERIOS AMBIENTAIS** relacionadas con **turbeiras altas cun valor de conservación alto**:

- a) Co símbolo **709 Zona prohibida NINGUNHA MARCA NO TERREO**. Por lexibilidade NON se trazarán no mapa liñas delimitadoras do contorno que indicarían a presenza de cintas no terreo.




709 Zona prohibida (A)

Un área prohibida. Se puede trazar una línea delimitadora si no hay límite natural, como sigue:

- Una línea continua indica que el límite está marcado continuamente (cintas, etc.) en el terreno.
- Una línea discontinua indica un marcado intermitente en el terreno.
- Ninguna línea indica que no hay ninguna marca en el terreno.

El acceso al área está prohibido.

- b) Co símbolo **711 Ruta prohibida**.



711 Ruta prohibida (L)

Una ruta que está prohibida. Los competidores están autorizados a cruzar directamente sobre una ruta prohibida, pero está prohibido ir a lo largo de ella.

No se utilizará una ruta prohibida.

Presenza de cintas no terreo. O responsable medioambiental poderá colocar cintas no terreo, preferiblemente de cor maxenta. A decisión se tomará no día previo ou mesmo no día proba. Estas cintas **NON estarán sinalizadas no mapa**. Poderán coincidir con tramos puntuais do perímetro de **709 Zona prohibida** descrito anteriormente, sempre co obxectivo de advertir aos corredores/as. Tamén se poderán sinalizar no terreo tramos ou pequenas zonas sensibles ambientalmente que non aparezan en maxenta no mapa.

Presenza de persoal en campo. Haberá presenza de **xuíces/as auxiliares** no terreo. Atravesar unha zona prohibida poderá dar lugar á **descualificación** do orientador.

Responsabilidade individual. É responsabilidade individual de cada orientador respectar o leito de regos, ríos ou regatos, non invadir e non afectar á vexetación asociada ao ámbito fluvial (fentos ("helechos"), etc.). Debemos evitar afeccións aos leitos, á biodiversidade ou ás condicións naturais das augas.

8ª PROBA XXXII LIGA GALEGA DE ORIENTACIÓN A PÉ 2023

MONTE FORGOSELO | Campionato Xunta de Galicia de Distancia Longa

IV Proba da Liga Transfronteiriza Galicia- Portugal

ORGANIZAN E COLABORAN

ORGANIZAN:



COLABORAN:

